



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 01 DE FEBREIRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00002761Q.

Aprobación de Actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas anteriores.

2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/621/2019.

Licenza de obra nova de nave industrial para almacén na rúa Extremadura, 12.

que adopte os

Acórdase conceder licenza de OBRA NOVA DE NAVE INDUSTRIAL PARA ALMACÉN en RUA DE ESTREMADURA, 12; segundo Proxecto técnico e anexo cun orzamento de execución material **182.499,70 euros**. As actuacións consistirán na construción dunha nave de almacenamento para produtos mecánicos con zona de oficinas, aseos e vestiario, de dous andares, cunha ocupación de 898,25 m², superficie construída total de 1.094,55 m² (1.025,30 m² útiles), e altura máxima de 10 metros. A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa *Ordenanza 1. Edificación adosada. Variante 1B do Proxecto sectorial da Sionlla*.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1030/2020.

Concesión de licenza para segregación de parcela.

Acórdase CONCEDER licenza para a SEGREGACIÓN da parcela situada na RÚA JOSÉ MANUEL CAEIRO QUINTÁNS, 1 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA); nas seguintes fincas: local matriz L1 e local segregado 2.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1220/2020.

Concesión de licenza para cambio de uso a garaxe.

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado, o citado cambio de uso. O proxecto conta cun orzamento de execución material de 2.532,96 euros, coas seguintes condicións: o acabado da nova carpintería exterior será lacado mate, sen brillo, en calquera das cores da correspondente paleta cromática do plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica PE-1; e a apertura da porta de garaxe e da porta peonil non poderá invadir a vía pública.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1025/2020.

Aceptación da cesión de viario e concesión de licenza para a segregación de parcela.

Acórdase ACEPTAR a cesión de viario formalizada en escritura pública ante notario. Concédese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme documentación técnicavisada polo colexio profesional, SEGREGACION en LG PARDACES DE ABAIXO, 21 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA). As fincas resultantes, as dúas en solo clasificado como núcleo rural de categoría consolidado e cualificado como Ordenanza 14. de expansión dos núcleos rurais, serían: parcela resultado 333-1, de 1.458 metros cadrados brutos con construción de 357 metros cadrados; parcela resultado resto finca matriz, de 1.666 metros cadrados netos, con casa de 257 metros cadrados e cobertizo de 34 metros cadrados. A estas hai que engadirlle a parcela cesión, de 394 metros cadrados.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: CONTRATACION/08/04.

Revisión IPC aluguer do local nº 3 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (servizos básicos).

Acórdase proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos), segundo as variacións experimentadas polo IPC no periodo comprendido entre decembro de 2010 e decembro de 2020, que supón un incremento relativo do **8,9%**, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2021 no importe mensual de **552,98 € mais IVE (669,11 euros)**, e o importe anual de **8.029,32 € IVE incluído**. O importe de subida para o ano 2021 é de **656,16 €** e irá con cargo á partida do orzamento municipal nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL. ARRENDAMENTOS.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: CONTRATACION/183/08.

Revisión IPC aluguer do local Nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (atención ao cidadá).

Acórdase proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá), segundo as variacións experimentadas polo IPC no periodo comprendido entre decembro de 2009 e decembro de 2020, que supón un incremento relativo do **12,10%**, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2021 no importe mensual de **666,49 € mais IVE (806,45 €)**, e importe anual de **9.677,40 € IVE incluído**. O importe de subida para o ano 2021 é de 1.044,48 € e irá con cargo á partida do orzamento municipal nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL. ARRENDAMENTOS.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: CONTRATACION/184/08.

Revisión IPC aluguer do local Nº 10 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (registro xeral).

Acórdase proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 10 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Registro Xeral), segundo as variacións experimentadas polo IPC no periodo comprendido entre decembro de 2019 e decembro de 2020, que supón unha variación relativa do **-0.5 %**, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2021 no importe mensual de **666,68 € mais IVE (806,68 €)**, e importe anual de **9.680,16 € IVE incluído**. O importe anual do ano 2020 foi de 9.728,88, e para o ano 2021 o importe anual diminúe en 48,72 € e será de aplicación na partida do orzamento municipal nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL. ARRENDAMENTOS.

9. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00002619N.

Cambio de titularidade das casetas CE007 e CE008 da sociedade Nidia Galicia a favor de Pablo Carreño Jimenez.

Apróbase o cambio de titularidade das casetas CE007 E CE008.

10. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU01.

Informe-proposta do departamento de Educación para dar conta da suspensión temporal da docencia presencial e implantación da educación telemática na escola municipal de música de Santiago de Compostela para dar resposta ás medidas impostas pola Consellería de Sanidade e recollidas na orde do 26 de xaneiro de 2021, pola situación epidemiolóxica derivada da covid-19

Dase conta da suspensión temporal da docencia presencial na Escola Municipal de Música desde o 27 de xaneiro e ata o 17 de febreiro de 2021 (inclusive) e a aprobación da implantación temporal da educación telemática na Escola Municipal de Música para seguir prestando o servizo aos usuarios durante ese período.

Non obstante esas medidas, tal e como recolle o decreto, poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

11. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00002761Q.

Solicitude de “De historia.Cultura.Historia.Patrimonio”, de autorización para incluír na biblioteca virtual da Fundación BRANDOMIL, imaxes dun documento do fondo municipal do Arquivo Histórico universitario.

Acórdase estimar a solicitude de “De historia.Cultura.Historia.Patrimonio”, e concederlle autorización para incluír na biblioteca virtual da Fundación BRANDOMIL, as imaxes correspondentes ao documento contido na sinatura AHUS,AM 1568, folio 52r-v. (Informe presentado en 1813 por don Antonio Costal, alcalde de Brandomil, sobre a posible instalación alí dunha feira).

12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00002542G.

Dación de conta á Xunta de Goberno da sentenza 008/2021 no PO 161/2020 CA2

Demandante: AUTOBUSES URBANOS DE LUGO SA TRAP SA UTE.

Obxecto: Acordo XGL 24.02.2020 sobre liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros anualidade 2017. Contía: 287.267,95 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

A demandante impugnou o Acordo pola aplicación da cláusula 32 sobre compromiso de viaxeiros do contrato, ao entender que unha vez transcorrido o prazo de 10 anos do contrato, a citada cláusula non resulta de aplicación nos supostos de “orde de continuidade”, en virtude da que segue prestando o servizo en tanto non sexa adxudicado o novo contrato. Dita orde de continuidade foi dada por Acordo da XGL do 15.02.2017, non recorrido, “nos mesmos termos que o contrato asinado”, polo que o Xulgado entende que *“la continuidad del servicio (...) debe de realizarse teniendo en cuenta y aplicando el compromiso de viajeros, no estando justificada la pretensión de la parte actora de que el compromiso de viajeros para ese año no existe.”*

13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00002286R.

Dación de conta da sentenza 204/2020 recaída no PO 378/2018 CA1

Demandante: As Cancelas Siglo XXI S.L.

Obxecto: liquidacións complementarias ICIO, taxas urbanísticas e xuros de mora.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en apelación.

A sentenza informada trae causa na ditada o 11.09.2017 polo Xulgado nº 2, que anulou as liquidacións xiradas por tomar como base imponible das mesmas o valor de obra nova declarada a efectos s IAXD, solución contraria ao xa resolto por ese mesmo xulgado e o TSX. O motivo estimado foi a falta de motivación, é dicir un vicio de forma que implica a retroacción de actuacións.

Na Sentenza 204/2020 o xulgado estima o novo recurso contra as liquidacións “substitutorias”, con base nos seguintes argumentos:

1. A Sentenza de 2017 “declarou nulas” as liquidacións por vicios substantivos.

2. Segundo a STS 23.06.2020, a declaración de nulidade debe executarse a través dun acto único de execución; sen tramitación de novo expediente ou retroacción de actuacións, que é o procedente cando se anula o acto.

3. A declaración de nulidade ten efectos absolutos: o procedemento impugnado non “existe”, polo que non ten efectos interruptivos sobre a prescrición de débedas.

4. O recurso debe estimarse: por non aplicación do procedemento legalmente establecido; e por prescrición de débedas. A sentenza non entra noutras cuestións.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación no prazo de 15 días seguintes á súa notificación.

14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00001757R.

Dación en conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PA 410/2018 do CA1

Demandante: AXA Seguros Generales SA

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos causados por inundación en nave industrial, por 1.027,95 euros.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Como consecuencias das chuvias caídas o 28.08.2017, produciuse o desbordamento da ede de saneamento no polígono do Tambre que derivou, entre outras consecuencias, nunha inundación da parte posterior dunha nave industrial. Para evitar o colapso das portas, foi aberto o portalón, inundándose o interior da nave, causando os danos descritos na demanda. A sentenza considera acreditados estes feitos, imputables ao mal funcionamento do servizo público, non escusable como “forza maior” pola cantidade de auga caída ese día.

15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00002311A.

Sentenza 002/2021 recaída NO PO 7501/2019 TSX.

Demandante: Concello de Santiago de Compostela.

Demandados: Oficina Española de Patentes y Marcas, e particular.

Obxecto: rexistro do logotipo municipal como marca privada.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

O Concello de Santiago de Compostela impugnou a desestimación do recurso de alzada interposto contra a resolución da OEPM, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, que viña de conceder o rexistro da marca solicitada ao codemandado.

En síntese, os argumentos fundamentais da demanda eran o uso indebido da imaxe, así como o risco de confusión ou vinculación dos servizos ofrecidos co propio Concello de Santiago de Compostela. No lado oposto, os demandados entendían que non había uso indebido porque a imaxe controvertida está incorporada a un conxunto no que non ocupa unha posición ou tamaño tan relevante; e ademais trátase de servizos médicos que nada teñen que ver coas competencias e servizos dun concello.

O TSX estima a demanda:

1. O signo solicitado pode inducir a erro no público: a primeiro golpe de vista o peso e relevancia do símbolo municipal, respecto da lenda, é decisivo, acentuado ademais pola palabra “camiño”, coa súa situación e tamaño respecto do resto do texto.

2. A propia resolución impugnada reconece que o signo reproduce ou imita o emblema municipal, polo que incumpre a prohibición prevista no artigo 5.1.i.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00002290M.

Dación de conta á XGL da sentenza 26/2021 recaída na AP 280/2020

Obxecto: fraude no nomeamento como funcionaria interina por programa, conversión en “fixa” ou subsidiariamente “interina por vacante”.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

No proceso de instancia, a demandante, reclamaba ser nomeada “funcionaria fixa”, como xefa de sección, no seu defecto como xefa de negociado, no seu defecto como auxiliar administrativo. No suposto de desestimarse a declaración de “fixeza”, que o nomeamento fose cambiado a “funcionaria por vacante”, quedando no posto en tanto non fose desenvolvido o proceso ordinario de cobertura da praza. En última instancia, e como

consecuencia do cese, ser indemnizada nos mesmos termos que o persoal laboral. En primeira instancia, xa se desestiman todas as pretensións co argumento de que non se ten acreditado o fraude alegado.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00002277S.

Dación de conta da sentenza 206/2020 recaída no PA 21/2019 CA1

Contía do recurso: 11.105,44 euros

Obxecto: Desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por lesións sufridas por mor de caída na vía pública.

A sentenza é parcialmente favorable ao concello. Fronte aos 11.105,44 euros solicitados, redúcese a contía da indemnización á cantidade de 3.098,5 euros xunto cos intereses legais dende a data da reclamación, ao estimar que existe concorrencia de culpas ao 50% e que non procede o abono do atestado, nin o dos gastos médicos privados realizados tralo abandono da sanidade pública sen xustificación ningunha. Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso ningún. Sen custas.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00001640E.

Dación de conta da sentenza 003/2021. PO 291/2019 CA2.

Obxecto: Decreto da Concellaría de Espazos Cidadáns pola que se ordena a suspensión do uso como vivenda de rochos na rúa Home Santo nº 49.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

O Concello ordenou o cese de uso de dous rochos como vivenda, habilitados para o efecto polo seu titular. Ademais, cuestionábase a execución de obras externas de habilitación, concretamente o alicatado do chan e a colocación dunha porta propia de vivenda. O recorrente alegou que os rochos constaban como vivenda na escritura de compra venda, e que o seu uso como tales era algo coñecido dende vai anos polo Concello.

Este, pola contra, entendía que o uso non era compatible co PXOM: por unha banda, porque a licenza de edificación asignaba aos rochos ese uso, e non o de vivenda; e pola outra, porque dito uso só e posible se o rocho comunica por escaleira interior con vivenda, o cal non era o caso. O xulgado desestima a petición do demandante (que poida legalizarse o uso do rocho) e só estima a demanda no relativo á autoría das obras do alicatado, ao non terse demostrado polo concello que aquelas foran executadas polo demandante.

19. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00002761Q.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dase conta.

URXENCIAS

20. DEPORTES. Referencia: 3488/2021.

Dar conta do protocolo no uso e ocupación das instalacións deportivas municipais adscritas á xestión do Departamento de Deportes en base ás novas restricións recollidas na orde do 26 de xaneiro pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tómase coñecemento, á vista das medidas establecidas nas normas anteriormente citadas, do novo protocolo de uso e reorganización que se vai desenvolver nas instalacións deportivas municipais adscritas á xestión do Departamento de Deportes que se ben afectadas pola suspensión de determinados tipos de actividades.

En atención ás circunstancias que concorren, considerando que existen dinámicas en materia da actividade física e deporte que continúan realizando práctica periódica como é o caso da Educación Física escolar desenvolvida baixos os protocolos propios dos centros de ensino ou, a actividade federada de adestramento e competición dos equipos e deportistas de nivel nacional, desde a Concellaría de Deportes dase conta á Xunta de Goberno da nova programación e protocolos a seguir nas instalacións

deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes e que estarán vixentes mentres se manteñan as actuais restricións, inicialmente previstas ata o 17 de febreiro.

1. A case totalidade das instalacións permanecerán abertas para manter o servizo contemplado nas normativas vixentes. Isto suporá o mantemento da carga horaria reservada para as actividades lectivas escolares, así como, a reorganización das actividades de adestramento de determinadas entidades que participan en deporte ámbito nacional, coa intención de favorecer o menor contacto posible na rotación entre clubs, procurando asignar un recinto por entidade. Esta nova distribución limitará notablemente a interacción entre deportistas de diferentes clubs, que adestrarán en instalacións diferentes, sempre que sexa posible. Inicialmente permanecerán pechadas sen actividade o campo de fútbol 8 de Belvís e o campo de fútbol de As Cancelas. No que respecta a esta última instalación o seu peche é consecuencia das obras de reforma que se están a desenvolver

2. Reorientaranse os servizos de conserxería e limpeza de instalacións con menor carga de uso ou parcialmente pechadas a reforzar estas prestacións noutros recintos durante as actividades que así o requiran. O obxectivo é dar a máxima cobertura posible nos labores de limpeza, desinfección e control dos espazos deportivos con dinámicas periódicas de funcionamento. Este labor de reorganización virá determinada pola aceptación das empresas afectadas. A maiores, dentro do ámbito da prestación dos servizos de conserxería e limpeza contratados, durante o periodo de vixencia das novas medidas e, sempre que sexa posible e a carga de uso o permita, realizaranse complementariamente outros labores específicos recollidos nos diferentes PPTs vinculados principalmente co mantemento elemental, limpeza especial, reordenación de espazos así como, calquera outro que poida ser desenvuelto para mellorar o estado actual das instalacións.

3. Prohíbese a asistencia de público ás instalacións durante os adestramentos e competicións das categorías de ámbito Estatal que manteñan a súa actividade. Esta prohibición faise extensible, con carácter xeral, a calquera outra proposta de ámbito deportivo que poida realizarse durante o periodo de vixencia destas medidas.

4. As instalacións deportivas pecharán ás 22:00 horas polo que as actividades deberán rematar coa antelación suficiente para poder cumprir coas limitacións de mobilidade existentes (nunca despois das 21:45 horas).

5. Con carácter xeral, no que respecta ao uso de vestiarios e zonas de duchas establécese o seguinte criterio que poderá ser revisado ou incluso anulado se se considera que existen razóns de calquera índole que o xustifiquen:

☑ **Competición oficial:** Facilitarase o uso de vestiarios e duchas, sempre que a instalación o permita, durante o desenvolvemento de competicións oficiais, sendo o club organizador responsable de que os equipos participantes respecten en todo momento as capacidades máximas permitidas que figuran expostas de forma particular en cada recinto, así como as normas que correspondan.

☑ **Adestramentos:** permitirase o uso de vestiarios aos equipos de ámbito nacional que desenvolvan as súas actividades de adestramento no exterior e que estean en competición regular, sempre e cando se cumpran as normas publicadas e as capacidades máximas definidas para cada recinto.

Para o resto colectivos unicamente disporase dun vestiario como espazo de apoio para aseo ou para atender situacións particulares que poidan xurdir durante o adestramento ou de forma imprevista.

Non obstante, recomendarase a todos os equipos e deportistas que eviten, sempre que sexa posible, o uso das duchas. A permanencia dentro dos vestiarios sexa polo menor tempo posible (máximo 15 minutos).

6. No que respecta aos posibles usuarios vinculados directamente co mundo do deporte federado, poderán continuar empregando as instalacións baixo o compromiso de cumprimento das normas establecidas, con carácter xeral, os seguintes:

☑ As entidades que estean a participar/competir en categorías de ámbito nacional. No caso concreto das modalidades de deporte individual deberán acreditar mediante certificado emitido pola Federación correspondente que os/as deportistas participan en competicións de ámbito nacional ou internacional con calendarios aprobados formalmente.

En ambos supostos, as entidades deberán cumprir co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos

correspondentes, respectando as especificacións expostas no apartado 3.15 da ORDE de 26 de xaneiro, así como, calquera outra que poida ser publicada no ámbito de referencia.

☑ O Departamento de Deportes poderá solicitar a documentación que considere necesaria para verificar o exposto.

En conclusión, serán de aplicación ata o 17 de febreiro de 2021 as medidas organizativas e protocolos expostos así como, durante as sucesivas prórrogas que se poidan producir, condicionadas en todo momento á súa adaptación ou modificación en base ás posibles medidas que se poidan implementar como consecuencia da situación sanitaria provocada pola COVID-19.

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00002818G.

Dación de conta da memoria 2020 da asesoría xurídica municipal.

Dase conta. O ano 2020 foi o primeiro ano que se despregou de forma eficiente o Regulamento de organización e funcionamento da Asesoría Xurídica do Concello de Santiago de Compostela e así do documento que aquí se publicita destacan como datos relevantes os seguintes:

- Nº total de informes emitidos: 393
- Nº total de sentenzas: 115
- Nº aproximado de actuacións procesuais: 3.402

22. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/10/2010.

Desestimación devolución de fianza do contrato de Subministro dun Sistema de Axuda á Explotación do transporte urbano de Santiago de Compostela, incluída no FES 2010". CON/10/2010.

Acórdase desestimar a solicitude de devolución da fianza constituída pola empresa, GRUPO MECANICA DEL VUELO SISTEMAS, S.A., por importe de 7.758,62 euros (Avalista: Caja de Ahorros del Mediterraneo) para responder do contrato de "Subministro dun Sistema de Axuda á Explotación do transporte urbano de Santiago de Compostela, incluída no FES 2010" . CON/10/2010.